

DOCUMENTOS DE TRABALLO

.....

O máis destacado da cultura galega en 2024 segundo os seus xestores

DOI: 10.17075/mdcg2024.2025

DOCUMENTOS
DE TRABALLO
CCG

Este documento de traballo recolle os principais eventos, accións culturais, persoas e entidades máis relevantes da cultura galega ao longo de 2024, segundo o criterio dos seus responsables, e dá continuidade ao publicado o ano anterior. Nesta edición recompílanse os fitos máis destacados do ámbito cultural con base nas opinións das persoas directivas e dos/-as profesionais das entidades culturais, servindo como un avance dos resultados da próxima entrega do Barómetro da Cultura Galega. Esta iniciativa,



Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Compostela

—
+34 981 957 202
consellodacultura.gal

promovida polo Consello da Cultura Galega dende 2020, realízase anualmente como unha diagnose avaliativa que, a partir de datos enquisados, permite analizar a situación, evolución, retos, fortalezas e perspectivas do sector cultural galego.

O presente informe adianta parte deste estudo, de próxima publicación, que inclúe unha pregunta sobre a oferta cultural máis destacada de 2024. Nesta cuestión aberta e de resposta múltiple, solicítase identificar os tres eventos, accións culturais, persoas ou entidades máis salientables do ano pasado. As persoas entrevistadas responden sen opcións predefinidas, podendo mencionar ata tres referentes, aínda que algunhas optan por citar un ou dous unicamente. Ademais, hai quen, malia completar a maioría do cuestionario do Barómetro, decide non responder a esta pregunta por falta de opinión ou interese.

Nesta edición procesáronse 872 cuestionarios, recollidos entre o 20 de xaneiro e o 20 de febreiro. Os resultados amósanse na táboa a continuación:

Eventos e accións culturais máis destacadas da cultura galega en 2024

	Frecuencia	Porcentaxe
O Son do Camiño	109	12,5
Manuel Rivas, Premio Nacional de las Letras 2024	50	5,7
Culturgal (Feira das Industrias Culturais de Galicia)	41	4,7
Fillas de Cassandra	37	4,2
Día das Letras Galegas 2024, Luísa Villalta	36	4,1
As Tanxugueiras (xira, concertos...)	35	4,0
A Cidade da Cultura (outras exposicións e actividade en xeral)	25	2,9
Eventos culturais do Camiño de Santiago	24	2,8
Premios Mestre Mateo do audiovisual galego	24	2,8
Festival Internacional do Mundo Celta de Ortigueira	22	2,5
Resurrection Fest	20	2,3
Centro Dramático Galego	18	2,1
Luis Zahera	18	2,1
Exposicións na Fundación Marta Ortega Pérez	15	1,7
Chus Pato, Premio Nacional de Poesía 2024	14	1,6
Consello da Cultura Galega	14	1,6
Festival PortAmérica	14	1,6
Mondra	14	1,6
Luis Tosar	13	1,5
Filme <i>As Neves</i> , de Sonia Méndez	12	1,4
As celebracións do Entroido galego	12	1,4
Filme <i>O Corno</i> , de Jaione Camborda (o filme, os/as intérpretes...)	11	1,3
Festival de Cine de Cans	11	1,3

DOCUMENTOS DE TRABALLO

Exposición «Uhna vida viquinga» na Cidade da Cultura	11	1,3
Yolanda Castaño	11	1,3
Baiuca	11	1,3
O labor da Xunta de Galicia	11	1,3
Xosé Antonio Touriñán (mención xeral, alusión aos monólogos e ás curtas, etc.)	10	1,1
Carlos Núñez	10	1,1
A TVG (a canle, programas específicos...)	10	1,1
Festival Internacional Outono Teatro - FIOT Carballo	9	1,0
O himno do centenario do Celta de Vigo "Oliveira dos Cen Anos" (C. Tangana, Lagharteiras)	9	1,0
Festival Sinsal	9	1,0
Festival da Luz	9	1,0
Ledicia Costas	9	1,0
Exposición «As Idades do Home» na Catedral de Santiago e no Mosteiro de San Martiño Pinaro	8	0,9
Filme <i>Matria</i> , de Álvaro Gago (o filme, os/as intérpretes...)	7	0,8
Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra	7	0,8
Hematofesti (Festival de humor e literatura infantil)	7	0,8
Abraham Cupeiro	7	0,8
Serie <i>Rapa</i> , de Jorge Coira	7	0,8
Ses	7	0,8
Orquestra Sinfónica de Galicia	7	0,8
Ana Peleteiro	7	0,8
Programa CulturON de AGADIC	7	0,8
Bea Lema (<i>El Cuerpo de Cristo</i> , Premio Nacional del Cómic 2024)	6	0,7
Premios de Teatro María Casares	6	0,7
Premios Feroz	6	0,7
Festival Revenidas	6	0,7
Sarabela Teatro	6	0,7
Guadi Galego	5	0,6
Festa da Carballeira de Zas	5	0,6
Francisco Asorey (Día das Artes Galegas 2024)	5	0,6
<i>Somos criminais e punto final</i> / Carlos Blanco / Xosé Antonio Touriñán	5	0,6
Esther Estévez ("Digocho eu")	5	0,6
Obra <i>Iribarne</i> de teatro	5	0,6
A creación das plataformas da CRTVG: agalega.gal , agalegaudio.gal e xabarin.gal	5	0,6
MiT Ribadavia – Mostra de Teatro de Ribadavia	5	0,6
Manel Loureiro	5	0,6
Filme <i>As Bestas</i> , de Rodrigo Sorogoyen	5	0,6
Premios Martín Códax da Música	4	0,5
Compañías e eventos de títeres	4	0,5
Grupo Chévere	4	0,5
Numax	4	0,5
Lucía Veiga	4	0,5
Pedro Feijoo	4	0,5
Editorial Kalandraka	4	0,5
Festival de Pardiñas, Guitiriz	4	0,5

DOCUMENTOS DE TRABALLO

The Rapants	4	0,5
Fernando Barreiro	4	0,5
Real Banda de Gaitas da Deputación de Ourense	4	0,5
Series de Bambú Producciones / Ramón Campos	4	0,5
Foliada da Fonsagrada	3	0,3
Paula Carballeira	3	0,3
Real Filharmonía de Galicia	3	0,3
Festival do Humor da Coruña	3	0,3
Xabier Díaz	3	0,3
Carlos Blanco (mención xeral, alusión aos monólogos, etc.)	3	0,3
Uxía Lambona e a Banda Molona	3	0,3
Museo do Pobo Galego	3	0,3
Gala Los 40 Pop	3	0,3
Museo de Pontevedra	3	0,3
Caamaño & Ameixeiras	3	0,3
A Banda da Loba	3	0,3
Premios Follas Novas	3	0,3
Serie <i>Lume</i> , coprodución galego portuguesa	3	0,3
Outras referencias á produción e programación musical	66	7,6
As festas, romarías e verbenas	54	6,2
Os festivais de música en xeral e outras referencias específicas a festivais	53	6,1
O cine / audiovisual galego en xeral e outras referencias específicas ao audiovisual galego	46	5,3
Outras referencias á produción e programación teatral	44	5,1
Outras referencias á produción literaria	43	4,9
As feiras e outros salóns do libro	13	1,5
As bandas de música e os seus certames	10	1,1
Creadores de contidos en galego en Redes Sociais	7	0,8
Outros galardóns literarios no nivel autonómico e estatal	3	0,3
Outras respostas	137	15,7
Ns/Nc	214	24,6

Fonte: Elaboración propia

Para 2024, o resultado achega unha extensa listaxe de 98 categorías de resposta, das que só 11 son categorías colectivas. En todo caso, recóllense seis referencias que destacan claramente por riba das demais en canto á súa porcentaxe de mención (entre o 12,5% e o 4%). Sobresae especialmente a mención do Son do Camiño, evento sinalado como un dos máis relevantes de Galicia durante 2024 polo 12,5% polas persoas enquisadas (2,1 puntos porcentuais máis que en 2023) e que supera en case 7 puntos á segunda categoría máis citada. O festival, que na pasada edición do estudo se situaba na segunda posición, acada agora a primeira e segue consolidándose como un dos principais eventos culturais do país.

.....

Impulsado polo Premio Nacional das Letras 2024, que lle outorgou o Ministerio de Cultura en recoñecemento do conxunto da obra literaria, Manuel Rivas sitúase en segunda posición ao ser citado polo 5,7% das persoas enquisadas.

A terceira posición da táboa, por porcentaxe de mención, correspóndelle en 2024 á Feira das Industrias Culturais de Galicia (Culturgal), cun 4,7%. Este evento, que no pasado ano ocupaba a undécima posición (cun 1,7%) gaña en importancia en 2024.

Quen tamén logrou unha importante subida na táboa foi o dúo Fillas de Cassandra. Tras un ano cargado de concertos, ocupa agora o cuarto chanzo, citado polo 4,2% da mostra, o que mellora de forma moi considerable o décimo oitavo posto e o 1,5% que rexistraba na pasada edición do Barómetro.

A celebración do Día das Letras Galegas e a obra da homenaxeada en 2024, Luísa Villalta, sitúanse na quinta posición, citadas polo 4,1% das persoas enquisadas (1,2 puntos máis que a celebración correspondente da pasada edición, que ocupaba o décimo posto da táboa).

Por último, As Tanxugueiras mantéñense entre as máis citadas por cuarto ano consecutivo cun 4% de mencións, se ben bastante lonxe do 10,3% co que lograron encabezar a táboa o pasado ano.

As restantes categorías individuais da listaxe rexistran porcentaxes inferiores ao 3%, cando menos as que aluden a persoas ou eventos específicos, xa que ao final da táboa se presentan categorías colectivas ou referencias máis xenéricas que recollen importantes porcentaxes de mención.

Cabe destacar o 2,9% da Cidade da Cultura, tanto polas alusións xerais á súa programación como pola mención específica dalgúns dos seus eventos, como "Cidade Imaxinaria" ou "Galiverso", que non chegaron a ser citadas nun número suficiente como para ter categoría diferenciada na táboa. A que si logrou esa diferenciación foi a exposición "Unha vida vi- quinga" cun 1,3% de mencións.

Os eventos culturais do Camiño de Santiago son citados polo 2,8% das persoas que conforman a mostra de estudo, o que supón un descenso de 1,2 puntos porcentuais en relación ao pasado ano. Isto resulta lóxico tendo en conta que se van apagando os ecos do Xacobeo, celebración que

sempre supón un notable incremento das actividades no Camiño e que, paulatinamente, se van reducindo. Que se siga mencionando fóra do Ano Santo é indicativo tamén da súa relevancia

Finalmente, os Premios Mestre Mateo do audiovisual galego aparecen citados no 2,8% das respostas da enquisa, o que supón un notable incremento da mención destes premios dende o 1,1% colleitado na anterior edición do Barómetro.

Eventos e accións culturais máis destacadas da cultura galega en 2024. Respostas por ámbitos

Música	57,3%
Libro e literatura	24,9%
Audiovisual	22,7%
Institucións	15,5%
Artes escénicas	13,8%
Eventos patrimoniais	10,7%
Exposicións	7,4%
Artes	1,1%
Outras	22,8%

Fonte: Elaboración propia

Analizando as respostas por ámbitos culturais, o da música foi o que máis respostas reuniu nesta edición do Barómetro, acadando o 57,3% dos eventos, accións culturais, persoas ou entidades citados como os máis destacados na cultura galega do ano 2024, e un total de 32 categorías distintas. Este sector crece en importancia ano tras ano, recollendo máis mencións que en pasadas edicións, que se agrupan por unha banda arredor da celebración dun amplo abano de festivais e, por outra, céntranse en interpretes e a produción musical propiamente dita.

No caso dos festivais debemos lembrar de novo o Son do Camiño (12,5%), pero tamén cabe sinalar a relevancia do Festival Internacional do Mundo Celta, de Ortigueira (2,5%), o Resurrection Fest (2,3% que duplica o 1,1% da pasada edición), o PortAmérica (1,6%), o Sinsal (1%), o Festival da Luz (1%), Revenidas (0,7%) e o Festival de Pardiñas de Guitiriz (0,5%). Ao mesmo tempo, o 6,1% das persoas enquisadas fai alusión á importancia dos festivais de música en xeral e outras referencias específicas a festivais, de xeito tal que o 28,2% da mostra alude a algún festival de música ou aos

festivais en xeral á hora de sinalar os eventos máis destacados da cultura galega en 2024.

En canto ao labor de produción musical, xa se apuntou o carácter destacado das achegas de Fillas de Cassandra e As Tanxugueiras á axenda cultural do pasado ano, pero tamén houbo outros artistas que lograron figurar na clasificación, como Mondra (1,6%, 1,1 puntos máis que na pasada edición), Baiuca (1,3%, 0,6 puntos máis), Carlos Núñez (1,1%, 0,8 puntos máis), C. Tangana e Lagharteiras, pola creación do himno do centenario do Celta de Vigo "Oliveira dos Cen Anos" (1%), a Orquestra Sinfónica de Galicia (0,8%), Abraham Cupeiro (0,8%) ou a Real Filharmonía de Galicia (0,3%). Débese resaltar, ademais, a entrada na clasificación de artistas que na anterior edición do Barómetro non conseguiran presenza e agora rexistran porcentaxes entre o 0,3% e o 0,8%. É o caso de Ses, Guadi Galego, a Real Banda de Gaitas da Deputación de Ourense, The Rapants, Xabier Díaz, Uxía Lambona e a Banda Molona, A Banda da Loba ou Caamaño & Ameixeiras.

Por outra parte, o 1,1% da mostra quixo resaltar o papel das bandas de música e os seus certames na oferta cultural do ano 2024, mentres o 7,6% fixeron unha alusión xenérica á importancia do conxunto da produción e da programación musical en Galicia en 2024 ou outras referencias específicas á produción e programación musical.

A análise presenta un segundo eido moi destacado, o da produción e difusión literaria, que é citado polo 24,9% das persoas enquisadas en 16 categorías distintas. Neste caso merece unha especial referencia o citado Premio Nacional das Letras de Manuel Rivas (5,7%) e a irrupción de Chus Pato na táboa, impulsada polo seu Premio Nacional de Poesía (1,6%), pero tamén o labor doutras persoas que empezan a ser habituais na análise, como Yolanda Castaño (1,3%, xa lonxe do 5,5% do pasado ano, cando se aludía ao seu Premio Nacional de Poesía), Leticia Costas (1%), Pedro Feijoo (0,5%) ou Paula Carballeira (0,3%). Nesta ocasión entra tamén na clasificación Bea Lema, cuxa relevancia se ve fortalecida pola súa consecución do Premio Nacional do Cómic (0,7%) e Manel Loureiro (0,6%), tras a estrea dunha película baseada nun dos seus libros.

Ademais das contribucións persoais á produción literaria, as persoas que compoñen a mostra de estudo fixeron tamén mención de eventos en

.....

materia de literatura, como o Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra (0,8%), ao que hai que engadir que un 1,5% da mostra realizou referencias xenéricas ao conxunto de feiras e outros salóns do libro que se celebraron en Galicia, á concesión dos Premios Follas Novas (0,3%) ou ao labor da Editorial Kalandraka (0,5%). Complétase a referencia ao ámbito da literatura coa categoría que recolle outras mencións á produción literaria en Galicia (4,9%).

Convén resaltar tamén nesta cuarta edición do adianto do Barómetro o peso específico das mencións relacionadas co audiovisual galego. De feito, ata 18 categorías aluden de forma específica ou xeral a figuras ou eventos do audiovisual galego, o que supón o 22,7% do total de mencións máis salientables para o ano 2024. Ás respostas que sinalan a importancia dos Premios Mestre Mateo poderíamos engadir a de producións que están a colleitar un notable éxito. Algunhas xa estaban presentes na análise do pasado ano, como as películas *As Neves*, de Sonia Méndez (1,4%), *O Corno*, de Jaione Camborda (1,3%), *Matria*, de Álvaro Gago (0,8%), ou *As Bestas*, de Rodrigo Sorogoyen (0,6%); series como *Rapa* de Jorge Coira (0,8%), a coprodución galego portuguesa *Lume* (0,3%) ou os traballos de Bambú Producciones (0,5%); e a mención de intérpretes xa habituais nesta clasificación ano tras ano, como Luis Zahera (2,1%) ou Luis Tosar (1,5%), aos que se suma nesta ocasión a mención da actriz Lucía Veiga (0,5%). Tamén se recollen citas recorrentes desta lista como o Festival de Cine de Cans (1,3%, medio punto porcentual máis que no pasado ano), así como a dos Premios Feroz, celebrados en Pontevedra (0,7%). Así mesmo, menciónase a importancia da TVG e algúns dos seus espazos (1,1%). Destaca de forma específica o programa de Esther Estévez “Dígocho eu” (0,6%). Por último, é relevante o 0,6% de respostas que sinalaron a creación de plataformas web vencelladas á canle autonómica.

Ademais de mencións específicas a premios, producións e profesionais do audiovisual, a táboa amosa tamén unha categoría que recolle mencións á importancia do cine e o audiovisual galego en xeral e outras referencias específicas ao audiovisual galego (5,3% da mostra).

Á marxe das que atinxen ao audiovisual, á música ou á literatura, cabe citar o carácter destacado de respostas que fan referencia ao ámbito teatral, alcanzando un total do 13,8% do total de mencións distribuídas en

12 categorías diferentes. Actores como Xosé Antonio Touriñán (1,1%) e Carlos Blanco (0,3%) aparecen citados tanto no nivel individual como en relación á obra teatral *Somos Criminais e punto final* (0,6%). Outra obra teatral destacada neste 2024 foi *Iribarne* (0,6%). Ao mesmo tempo, tamén son relevantes as alusión específicas ao Centro Dramático Galego (2,1%), a compañías teatrais como Sarabela Teatro (0,7%) ou Chévere (0,5%), a eventos como o Festival Internacional Outono Teatro de Carballo (1,1%) ou a Mostra de Teatro de Ribadavia (0,6%) e a galardóns como os Premios de Teatro María Casares (0,7%). Finalmente un 5,1% da mostra fixo alusión a outras referencias á produción e programación teatral.

Pasando a analizar as referencias e categorías nun plano insitucional, recolléronse relevantes porcentaxes de mención de entidades como o Consello da Cultura Galega (1,6%), a Xunta de Galicia (1,3%) e AGADIC (0,8%). Non obstante, aparecen tamén nomeadas outras institucións e entidades que desenvolven labores culturais como a Cidade da Cultura (4,2% nas súas distintas mencións de actividades), museos como o de Pontevedra (0,3%) ou o Museo do Pobo Galego (0,3%), a influencia do Centro Dramático Galego (2,1%), e a TVG e as súas programacións e plataformas (2,3%). Por último, cabe sinalar a presenza de entidades carácter privado como a Fundación Marta Ortega (1,7%), a igrexa (0,9%), Numax ou a Editorial Kalandraka (ambas co 0,5% das respostas).

O 6,2% de quen responde dende as entidades e empresas que compoñen a mostra do estudo fai alusión ás festas, romarías e verbenas galegas (6,2%). Baixo este epígrafe recóllense un bo número de respostas literais que aluden a celebracións concretas (que, individualmente, non acadan as tres mencións necesarias para constituír categoría diferenciada) pero tamén moitas alusións xenéricas á importancia das festas, romarías e verbenas que se celebran por toda a nosa xeografía e que constitúen un activo cultural de indiscutible importancia. Sumado a esta, existen outras mencións específicas relacionadas co patrimonio material ou inmaterial de Galicia, como as celebracións do entroido galego (1,4%) ou os eventos culturais relacionados co Camiño de Santiago (2,8%).

Finalmente, pódese resaltar á celebración do Día das Artes Galegas, dedicado a Francisco Asorey (0,6%) e a relevancia de persoas que, sen desenvolver un labor propiamente cultural, destacan pola súa contribución á

posta en valor da nosa lingua e cultura, como é o caso da medallista olímpica Ana Peleteiro (0,8%), e o de diversos creadores de contidos das redes sociais (0,8%). Tamén cómpre sinalar a relevancia adquirida por varias exposicións, como xa foi mencionado anteriormente.

Eventos e accións culturais máis destacadas da cultura galega en 2024 por provincias

Posición	A Coruña	%	Lugo	%	Ourense	%	Pontevedra	%
1	O Son do Camiño	13,7	O Son do Camiño	8,2	O Son do Camiño	16,3	O son do camiño	10,9
2	Manuel Rivas	6,5	As Tanxugueiras	8,2	Manuel Rivas	9,8	Culturgal	5,3
3	Culturgal	5,8	Centro Dramático Galego	6,2	Camiño de Santiago	7,6	Fillas de Cassandra	5,3
4	Día Letras Galegas	5,3	Manuel Rivas	5,2	Día Letras Galegas	5,4	As Tanxugueiras	4,5
5	Fillas de Cassandra	4,6	Premios Mestre Mateo	4,1	Yolanda Castaño, Sarabela Teatro, Entroido	5,4	Camiño de Santiago	3,8

Fonte: Elaboración propia

Nunha sucinta análise por segmentos, podemos comprobar como o cruzamento por provincias pon de relevancia que nas catro o Son do Camiño é o evento máis destacado polas persoas que responden, aínda que con porcentaxes dispares, entre o 8,2% de Lugo (onde As Tanxugueiras rexistran idéntica porcentaxe), o 10,9% de Pontevedra, o 13,7% da Coruña e o 16,3% de Ourense. Esta diferenza por provincias amosa tamén unha maior porcentaxe de mención do Centro Dramático Galego en Lugo (6,2%). Tamén é de destacar a mención de Manuel Rivas na provincia da Coruña (6,5%) e especialmente na de Ourense (9,8%), ou a do Culturgal na Coruña e Pontevedra (5,8% e 5,3% respectivamente).

Outras categorías de resposta resaltan en maior medida na provincia na que teñen lugar ou coa que máis se vencellan. No caso da Coruña destaca a mención da programación da Cidade da Cultura (3,8%), ou a Fundación de Marta Ortega Pérez (2,2%), así como o papel de Baiuca (2,2%) ou Xosé Antonio Touriñán (2,2%). No de Lugo resulta salientable unha porcentaxe de resposta sinalando o Festival de Pardiñas (3,1%), que se celebra no lucense municipio de Guitiriz. Entre quen responde dende Ourense, ademais de a Manuel Rivas, cítanse de forma moi destacada respecto das demais provincias as celebracións do Entroido (5,4%), o papel da compañía

Sarabela Teatro (5,4%), a Real Banda de Gaitas da Deputación de Ourense (4,3%, fronte ao 0% das tres provincias restantes) e o MiT Ribadavia (2,2%). En canto a Pontevedra, rexistran maiores porcentaxes que noutras provincias as mencións de Fillas de Casandra (5,3%), así como C. Tangana e Lagharteiras, por teren creado un himno para o Celta de Vigo (2,6%); ou o Salón do Libro Infantil e Xuvenil que se celebra na cidade do Lézrez (2,3%). Tamén é moi destacada nesta provincia as mencións xa apuntadas ao Cultural, que alcanzan o 5,3% das respostas.

Eventos e accións culturais máis destacadas da cultura galega en 2024 no sector de patrimonio

Posición	Eventos e accións culturais	Porcentaxe
1	O Son do Camiño	14,9
2	Manuel Rivas	8,2
3	Día Letra Galegas	5,8
4	Camiño de Santiago	5,3
5	Cidade da Cultura	4,8

Fonte: Elaboración propia

Segundo a análise en función do sector de actividade de quen responde á pregunta, o Son do Camiño é a resposta máis habitual en seis dos sete segmentos, coa única excepción de libros e prensa, onde a mención de Cultural (10,9%) é lixeiramente maior á do festival compostelán (10,5%). Polo demais, o dito festival é citado por entre o 8,9% das persoas do sector das artes escénicas e o 16,1% das que compoñen o sector dos departamentos de cultura das administracións públicas, polo que se confirma a transversalidade da relevancia outorgada a este evento.

Como dicíamos, Cultural é o evento de 2024 máis relevante polo sector de libros e prensa, onde ademais rexistra unha porcentaxe moi destacada de mencións (10,9%) en contraste á resposta nos demais segmentos, especialmente no sector das artes escénicas, onde este evento só é citado polo 0,7% das persoas enquisadas.



Eventos e accións culturais máis destacadas da cultura galega en 2024 no sector de libros e prensa

Posición	Eventos e accións culturais	Porcentaxe
1	Culturgal	10,9
2	O Son do Camiño	10,5
3	Manuel Rivas	6,8
4	Día Letras Galegas	5,9
5	As Tanxugueiras	4,5

Fonte: Elaboración propia

No sector do patrimonio artístico e monumental, arquivos e bibliotecas, pódese resaltar unha mención destacada das exposicións "Unha vida viquinga", da Cidade da Cultura (4,3%), e "As Idades do Home" (3,8%), celebrada na Catedral de Santiago e o Mosteiro de San Martiño Pinario.

Eventos e accións culturais máis destacadas da cultura galega en 2024 no sector das artes visuais

Posición	Eventos e accións culturais	Porcentaxe
1	O Son do Camiño	13,5
2	Cidade da Cultura	5,6
3	F. PortAmérica	5,6
4	Día Letras Galegas	4,5
5	Baiuca	4,5

Fonte: Elaboración propia

Dende as artes visuais constátanse maiores porcentaxes de resposta sinalando exposicións como as da Fundación de Marta Ortega Pérez (3,4%), a celebración do festival Portamérica (5,6%) ou o papel de Baiuca ao longo do pasado ano (4,5%).

Eventos e accións culturais máis destacadas da cultura galega en 2024 no sector das artes escénicas

Posición	Eventos e accións culturais	Porcentaxe
1	O Son do Camiño	8,9
2	As Tanxugueiras	7,5
3	Fillas de Casandra	6,8
4	Manuel Rivas	4,8
5	Festival Ortigueira	4,1

Fonte: Elaboración propia

No caso das artes escénicas, cítase en maior medida que nos demais segmentos ás Fillas de Cassandra (6,8%), ás Tanxugueiras (7,5%) e ao Festival Sinsal (2,7%).

Eventos e accións culturais máis destacadas da cultura galega en 2024 no sector audiovisual e multimedia

Posición	Eventos e accións culturais	Porcentaxe
1	O Son do Camiño	12,8
2	Premios Mestre Mateo de audiovisual	8,1
3	<i>As neves</i>	5,8
4	TVG	5,8
5	Fillas de Cassandra	4,7

Fonte: Elaboración propia

O sector audiovisual e multimedia pon a súa maior énfase nos produtos e eventos propios, como a celebración dos Premios Mestre Mateo do audiovisual galego (8,1%), os filmes *As Neves* (5,8%), *Matria* (3,5%), a serie *Rapa* (2,3%) e o papel da TVG (5,8%) xunto coa creación das plataformas web da CRTVG (2,3%).

Eventos e accións culturais máis destacadas da cultura galega en 2024 nos departamentos de cultura das Administracións públicas

Posición	Eventos e accións culturais	Porcentaxe
1	O Son do Camiño	16,1
2	Camiño de Santiago	8,9
3	Manuel Rivas	7,1
4	Cidade da Cultura	7,1
5	Fillas de Cassandra, Culturalgal	7,1

Fonte: Elaboración propia

Os departamentos de cultura das administracións públicas é máis variado coas persoas e eventos que destaca de 2024 e sinala, en maior medida que os demais sectores, tanto a persoas destacadas da literatura (Manuel Rivas, 7,1%, e Chus Pato, 3,6%), como da música (Mondra, 3,6%), o teatro (Centro Dramático Galego, 3,6% e Festival Internacional Outono Teatro de Carballo, 3,6%), o cine (Luis Tosar, 3,6%) ou distintos tipos de celebracións e eventos culturais do Camiño de Santiago (8,9%).

Eventos e accións culturais máis destacadas da cultura galega en 2024 no ensino cultural

Posición	Eventos e acción culturais	Porcentaxe
1	O Son do Camiño	15,2
2	Orquestra Sinfónica de Galicia	7,6
3	Manuel Rivas	4,5
4	Cidade da Cultura	4,5
5	As Tanxugueiras, Carlos Núñez	4,5

Fonte: Elaboración propia

Por último, percíbese dende o ensino cultural certa heteroxeneidade nas persoas e eventos que resaltan respecto dos demais sectores: a Orquestra Sinfónica de Galicia (7,6%), institucións como Consello da Cultura Galega (3%), administracións como a Xunta de Galicia (3%), produtos do audiovisual, como o filme *O Corno* (3%) e artistas musicais como Carlos Núñez (4,5%).